

Donas da súa vida!

PROXECTO DE DIVULGACIÓN
FEMINISTA E MEMORIA LOCAL



ROTEIRO LITERARIO
LUÍSA VILLALTA



Deputación
DA CORUÑA



IGUALDADE
DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Luisa Villalta (1957-2003) é unha das mulleres que traballan incansablemente como motor de cambio da realidade social, política e artística que lle tocou vivir. O seu primeiro poemario, *Música Reservada* (1991) amosa a fusión da súa esencia persoal e creativa nunha dobre pertenza: á música e á poesía. Nun mundo onde reflexa a cidade coruñesa que ela coñeceu. Unha cidade que pasaba por un dos cambios na realidade sociolóxica máis importantes e drásticos. Ela deixounos palabras para o recordo en forma de poesía, de narrativa, de ensaios, en pezas dramáticas ou en artigos xornalísticos, uns textos dunha riqueza onde A Coruña se converteu no seu centro gravitatorio, “**cidade tatuada na pétrea pel do mar**”.

Mais tamén foi unha muller comprometida coa cultura galega formou parte na Mesa pola Normalización Lingüística, no Foro da Cultura Galega, na Asociación de Escritores en Lingua Galega... colaborando en diferentes publicacións como A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Luzes de Galicia, Boletín Galego de Literatura...

O roteiro segue o obxectivo de amosar aos escolares a literatura contemporánea da man desta gran escritora e reivindicar a súa obra.

A Coruña da segunda metade do século XX:

Segundo a inercia de toda a Historia Contemporánea A Coruña continúa experimentando grandes cambios orográficos artificiais no que a súa costa se refire. Por unha banda a actividade portuaria provoca numerosos e sucesivos recheos que xa veñen acontecendo desde a segunda metade do século XIX. Por outra a progresiva terciarización na que toda Europa se ve sumida fomenta distintas iniciativas volcadas en conseguir que a cidade teña un reclamo turístico. Isto novamente conleva unha modificación da súa xeografía coa construción do chamado Paseo Marítimo erguido sobre antigas zonas maioritariamente industriais. A Coruña comeza a segunda metade do século XX sendo polo de desenvolvemento económico, moi afectada en consecuencia, polo paso da Autarquía franquista ao *desarrollismo* que fomentou a ditadura a partir de 1958. Esta é a cidade que habita Luísa Villalta, a cidade da construción da Refinería, do urbanismo desaforado que tiña que dar acubillo a un importante éxodo que proviña das zonas rurais. A cidade da lenta chegada da democracia Villalta foi testemuña da palabra xentrificación como a do Papagaio, aquel lugar no que non dubidou en pousar a súa pluma.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

LGLB3CA3.4. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	LGLB3CA3.3. Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	XHB3CA3.7. Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	XHB3CA1.4. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.
OBX7	OBX7	OBX7	OBX6
1-2-3-4 ESO	1-2-3-4 ESO	1 ESO	3 - 4 ESO

CONTIDOS


Lingua e Literatura Galega	
Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos.	1-2-3-4 ESO
Xeografía e Historia	
A transición política e a configuración do estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O estado do benestar en España.	4 ESO
O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respetto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.	4 ESO
As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.	4 ESO

Obxectivos específicos

- ☉ Achegarmonos á figura de Luísa Villalta en relación coa cultura Galega en xeral e coruñesa en particular do século XX
- ☉ Relacionar a obra literaria con espazos patrimoniais e co seu tempo histórico.
- ☉ Apreciar a variedade da produción cultural e da complexidade artística da autora e o seu compromiso cos cambios sociopolíticos do seu momento histórico.


Roteiro Didáctico

O presente deseño didáctico pretende achegar a figura de Luísa Villalta e a súa relación coa cidade natal ao alumnado de Secundaria. Búscase unha proposta transversal tanto no nivel ao que vai dirixido como no temático, cun evidente protagonismo das materias de Lingua e Literatura galega en estreita relación con Xeografía e Historia. Malia que o deseño non está exclusivamente dirixido a un curso específico recoméndase para o último curso de Educación Secundaria Obligatoria xa que onde se desenvolve a historia, cultura e literatura da segunda metade do século XX.





Partimos deste balcón do Parrote establecendo un vínculo entre a poesía do XIX e o XX Rosalía-Luís. Para Rosalía esta praia significaba unha das maiores denuncias da súa lírica social: a emigración sufrida polo pobo galego. Para unha nena nacida na Coruña de mediados de século a praia do Parrote forma parte da súa territorialidade, valor fundamental na obra de Villalta.



***“Cidade tatuada na pétrea pel do mar”
Villalta coñecía o vínculo do mar e da cidade,
indivisible, inseparable.***

1/Balcón do Parrote

(...) Nada deixa o vento e nembargantes amo
esta cidade tatuada na pétrea pel do mar
asulagada na sombra baixo a ardora de alfinetes intrigantes
regresada en corpo múltiplo e inerte arrastrado pola rede anoitecida
a afogada das idades simultáneas
a tremulante nas incógnitas da auga
entretida entre os palitroques dos barcos
que chocallan sen nada novo que dicerse

E son eu amando algo de min depositado
na Cidade tatuada

-eu que non podoo volver-
mentres o vento vén moi frío sobre o norte corazón tan cálido.

En Concreto, 2004



Luísa fixo da Coruña o espello da súa obra . Para contar a súa literatura hai que contar a cidade.
A microtoponimia cobra en Villalta unha musicalidade lírica. Son os nomes da cidade, dos barrios, das rúas, dos edificios. Na súa poética podemos pescudar esa mudanza que viven as cidades do paso do XX ao XXI



“Nunca vin tanto silencio belixerante / mordendo a destrucción de tantos nomes”

2/ Praza da Fariña

O meu nome é Cidade Alta
nacido onde a lume o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos.

En concreto, 2004

O compromiso de Luísa Villalta vai do social ao cultural e ao político. Nas columnas que Luísa Villalta publicou n'A Nosa Terra entre 2002 e 2004 amosa o seu activismo e implicación consciente da poeta na acción e no pensar colectivo. Ela viviu a ditadura e combateu a ditadura. Permanece nas accións colectivas que contra as súas pegadas continúan.



“As rúas son o seu uso. Evidentemente as rúas somos quen pasamos por elas, vivemos nelas e, como entre nós, lles (nos) damos nome”

3/Casa Cornide

Unha clase de fame que non damos superado desde a posguerra é a fame de cultura. Entre o automatismo que impelía a Millán Astray a levar a súa única man á pistola ante a só mención da palabra e os nosos días de hoxe, foron cambiando as cousas, é certo, pero o verme da escaseza, da infravaloración, da cutrería en definitiva, aínda nos roe por dentro o estómago da cabeza, se segue a valer de analoxía. No tempo de Franco, non cabían matices: a prohibición foi, por desgraza, a súa maior homenaxe á cultura. Por iso mesmo, no tempo e circunstancias que eu atinxo a testificar, a cultura tamén acadou o valor de maior arma contra a ditadura en favor da liberdade de pensamento, de información e de opinión, núcleo mesmo de todas as demais liberdades. Canda a cultura, o sentido crítico e a dignidade virían por si sós a construír unha sociedade xusta.

Así o crimos un día e así miramos de poñelo en práctica tanto no persoal como no colectivo desde entón. Pero chegaron arrecendos democráticos, e con eles tamén chegou un momento en que tanto afinco, para alén de inútil, caiu no demodé.

Do Libro das Colunas, 2005

A praza principal da cidade é un lugar de lecer, vencellado desde a súa concepción aos momentos festivos e as tardes de xogos Infantís, mais tamén é lugar de concentración e protesas sociais. Luísa viviu as manifestacións de Nunca Máis e as distintas mobilizacións que acompañaron a chegada da democracia



4/Praza de María Pita

PALACIO MUNICIPAL

A praza ganduxada polos nenos xoga, espera e garda
un recanto de sombra alquitarada da vontade popular
O sol axoéllase un pouco cada cuarto de hora ao aviso do reloxo
brado exacto dunha voz legal que nos mete dentro
mentres o vento, por detrás, agatuña a canseira camiño do cemiterio
Cada cuarto en aumento unha lúa sonora fai cantar o mesmo rosto diario
sobre o teatro de títeres á vista do público que pasa
ou fica na sombra dos soportais e nas cafeterías
votando a sesión de cadansúa historia inventada
Os nenos saben que no interior do Concello
as escadas son excesivamente altas para a idade da xente
que as paredes cheiran igual que billetes mexados
e que só algúns zapatos adultos son quen de facerse ouvir
desde o ceo dos corredores até a última rúa que termina por coller o tren
Cando o reloxo dé as últimas doce e levante o pleno do día
os acordos ficarán como sempre
pendentes de tramitación

De *En concreto*, 2004

O mercado de San Agustín significara unha aposta pola arquitectura do Movemento Moderno dentro do espírito da II República. En 1958 inaugura un dos primeiros supermercados estatais. Luísa apenas tiña un ano de idade, a cidade cambiaba a ritmos acelerados e as formas de comercio tamén. Villalta fíxase e poetiza a cotidaneidade.



5/Rúa do Mercado

SOLARES

No vacío dos lugares
extraído o seu nome
habitan os solares
por cima e por debaixo do ar
cuadrícula invisíbel que de pronto emerxe
anotando a delineación inédita dunha masa indivisíbel:
os ollos da xente que axiña virá
repartir o instinto da supervivencia
em ascensores metálicos

A cidade abre as costuras do monte disposta a parir
de pé como as matronas antigas
aínda que teña que retorcerse de sombra
aínda que os vellos non podan acudir
para recoñecela no baile
na nova fantasía
no impulso axitado dun novo corazón

O novo vestido cinxe e traba a carne
com promesas de acomodación e disimulo

Co se nunca chegase co leito do presente
nos solares abrolla a excrecencia sem historia
a arca sem dioivo
a configuración da masa vertical
que quere elevarse até si mesma
no extrarradio do olvido máis profundo

De *En concreto*, 2004



Chega a especulación inmobiliaria, o capitalismo urbanita exprime os espazos e os modifica ao seu antollo. A arte resístese, lonxe de volverse cómplice fai permanecer un valor de seu aos usos tradicionais da cidade máis aló dunha dimensión méramente estética ou económica



6/ Campo da Leña

*Isto é poesía, un ruído provocado.
Non ornamento, arabesco para as pontas dos dedos:
inesesários encaixes para a alma dormir ou sentir
a levedeza da onda cando apenas chega a romper.
Provocación de boca con fame, isto.
E a fame adormece
ou reclama.
Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel
do mundo: un tambor que desperta. A pel estremece-se
porque recoñece a morte que baila fóra da tumba.
Isto é tamén unha muller que resiste*

Concerto para un home só, 1989



Non temos hipotecas para o patrimonio cultural e ambiental, edificios e bairros peculiares, bens materiais às veces em mans dos máis desfavorecidos, que tamén son memoria individual e colectiva.

O Papagaio é mellor proba do desfeito desbotado pola xentrificación na nosa urbe



7/O Papagaio

O corpo da Cidade quería a súa parte na unidade,
a parte de abaixo, a que latexa inerte
na lenda da casiterita.

Era núbil cando se desfechou o vento
que trouxo o seme do home de negocios,
el, que mal saíra da tribo campesiña
expulsado por incomprendida ambición,
urxido pola fecundación e a revancha.

Pouco pagou por lle rachar
o virgo comunal á Cidade envisa
como todas as mociñas, soñadoras de homes
sen seme, construídos samente de carexas
artesáns lentos da felicidade no seu ventre.

Do Papagaio, 2005



Deputación
DA CORUÑA



IGUALDADE
DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA